

CARMEN PORTEIRO

conexións [en serie]

conexións [en serie] xorde ao recuperar unha conversación interrompida, é unha serie de imaxes nas que se reflexiona sobre a comunicación e o que provocan as interferencias e interrupcións neste proceso.

**Museo Provincial de Lugo /
Museo Fortaleza San Paio de Narla**

Orde de visita recomendada no MPLugo: (1) Basilisa Fiestras
(2) Ana DMatos (3) Luz Darriba (4) Mery Pais
(5) Carmen Porteiro (6) Mónica Alonso (7) Basilisa Fiestras



**EU... TI...
ELAS...
NOSOUTRAS
NOSOUTRXS
EN REDE**




EU estou TI estás ELAS están NOSOUTRAS estamos
NÓS+OUTRXS estamxs EN REDE para conquistar, na
diversidade, a plena igualdade. Estamxs, somxs, facemxs,
existimxs... As formas verbais non expresan xéneros.

Os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo
reclaman a vosa atención para con esta ducia de proxectos,
dispares na forma, unívocos no fondo, solidarios coa
desigualdade. Voces, xestos, memorias e imaxes que
pretender provocar reflexións e chamadas de atención sobre o
EU subordinado. Ollo! Un EU que podes ser TI, ELAS,
NOSOUTRAS, NÓS+OUTRXS.

Comisariado: Encarna Lago e Antonio Reigosa

Vivimos nun mundo hiperconectado pero somos un universo de individuos illados. Esta serie de imaxes xorde nunha viaxe, nun reencontro, ao recuperar unha conversación interrompida, ao descubrir unha nova forma de ver.

Desde o punto de vista estético búscase a simetría creada a través do efecto espello que enfatiza o estado de illamento e individualidade –como ocorre nalgún proceso comunicativo– e unha busca dunha cor artificiosa, dotando as imaxes dunha sensación de irrealidade.



Contacto

carmenporteiro.com

@camaposa

<https://www.linkedin.com/in/carmenporteiro/>

hola@carmenporteiro.com
